

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

O Concello de Boiro convoca proceso de selección de persoal laboral temporal dunha animador/a sociocultural a media xornada.

A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Boiro ata as 13:30 h. do 23/05/2016.

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados na Portería da Casa Consistorial ou na páxina web www.boiro.org

Boiro, 5 de maio de 2016
O alcalde,
Asdr. Juan José Dieste Ortigueira

A large, handwritten signature in black ink is written over a blue circular stamp. The stamp contains the text "CONCELLO DE BOIRO" around the top edge, "A CORUÑA" at the bottom, and "2016" in the center. The signature appears to be "Asdr. Juan José Dieste Ortigueira".

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

N.º R.E.L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTA a Resolución da Excma. Deputación da Coruña pola que se lle concede ó Concello de Boiro a cantidade de 8999,05 euros para a contratación dun/ha animador/a sociocultural para o exercicio 2016.

Tendo en conta as directrices establecidas no art. 20.dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro dos Orzamentos xeráis do Estado para o 2016.

CONSIDERANDO as atribucións conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

R E S O L V E:

Primeiro:- Que se proceda á selección dun/ha animador/a sociocultural con carácter laboral temporal.

Segundo:- Para darlle publicidade a esta selección, insertarase un anuncio nun periódico de tirada comarcal e exporase un anuncio no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno ata o **23/05/2016**.

Terceiro:- A selección deste persoal rexerase en todo caso polas bases ás que neste intre se lles presta aprobación.

Cuarto:- REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para poder tomar parte no Concurso será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.
- B) Os estranxeiros que non pertenzan a algúm dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.
- C) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.
- D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de Incompatibilidades referidos ó persoal das Administracións Públicas.

F) Deberán acreditar estar en posesión de, como mínimo o título de bacharelato ou técnico superior.

G) Deberase estar en posesión do título de monitor de tempo libre (excepto os candidatos con titulación de Técnico Superior en Animación Sociocultural ou Grao de Educación Social)

H) Estar en posesión de diploma ou certificado que acredite o nivel CELGA 3 do idioma galego ou equivalente.



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

Nº R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

I) Aportar Proxecto de traballo segundo se establece nestas bases.

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Boiro **ata o día 23/05/2016 ás 13:30 horas** e irán acompañadas da seguinte documentación (copia compulsadas ou orixinais):

- Copia do DNI.
- Copia do certificado que acredite, como mínimo, estar en posesión bacharelato ou técnico superior.
- Currículum persoal sobre titulación e experiencia profesional vinculada a esta actividade, coa correspondente acreditación documental, mediante orixinais ou copias compulsadas.
- Copia do certificado que acredite, como mínimo, o nivel de CELGA 3 do idioma galego.
- Copia do título de monitor de tempo libre.
- Proxecto de traballo

Quinto:- A comisión encargada da elaboración desta lista estará constituída da forma seguinte:

- Presidente: O secretario da corporación ou persoa en quen delegue
-Secretaria: María Mariño Poza (Suplente: Martín Blanco Buceta)
- Vocais: D. Manuel Martínez Varela (Suplente: Dna. Josefa Campaña Carballo).
Dna. Manuela Ferreirós Alcalde (Suplente: Dna. Elena Dosil Redondo).
D. Eugenio Rodríguez Fernández (Suplente: D. Miguel Feijóo Piñeiro).


Esta comisión non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presencia do Presidente e do Secretario.

Esta comisión, por medio do seu Presidente, poderá dispoñela incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección da comisión, actuando con voz pero sen voto.

Sexto:- Baremación e proposta de contratación:

- 1.- Con data de **25/05/2016** publicarase no taboleiro de anuncios do concello, un listado cos candidatos admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión.
- 2.- Contra este listado, os interesados poderán formular reclamación perante a comisión en escrito dirixido ó Sr. Alcalde ata o día **31/05/2016**.
- 3.- Resoltas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas do mesmo xeito ó establecido para as provisionais o dia **02/06/2016** nas que se farán constar os candidatos que pasan á fase de oposición.

Sétimo:- O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Para o non previsto nas presentes bases aplicarase a normativa referente ó ingreso de persoal das Administración Públicas.

Oitavo:- Da presente resolución darase conta ó Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL A MEDIA XORNADA.

1º.-OBXECTO:

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter temporal dun/ha animador/a sociocultural a media xornada ó abeiro da subvención concedida pola Excma. Deputación da Coruña.

2º.- SISTEMA DE ACCSEO: concurso-oposición.

3º.- OPOSICIÓN.

1.- Proxecto de Traballo: Cada aspirante presentará xunto coa solicitude un Proxecto de Traballo relativo á "Dinamización da Biblioteca Pública Municipal de Boiro". Neste proxecto deberán recollerse os obxectivos, actividades, liñas de actuación, avaliación e dinamización en función das tarefas do posto de traballo. Os aspirantes poderán achegarse a esas instalacións municipais para coñecer de cerca o material co que se conta, os horarios, o público, etc...

Este Proxecto será valorado polo Tribunal cun máximo de vinte puntos, sendo necesario acadar un mínimo de dez puntos para pasar á seguinte proba.

O proxecto terá unha extensión máxima de cinco folios polas dúas caras (10 páxinas) en "Times New Roman" 12, e deberá presentarse impreso e en formato dixital.

No proxecto deberán ser citadas tanto a bibliografía consultada como as obras alleas (ou fragmentos) xa sexa de natureza escrita ou fotográfica. Utilizaranse programas informáticos para detecta-lo plaxio, polo que o incumprimento deste punto será motivo de exclusión do aspirante.

Neste proxecto valorarase:

- 1.- Obxectivos e finalidades que se pretenden conseguir.
- 2.- Actividades, avaliación e servizos.
- 3.- Medidas de mellora dos procesos e actividades que se desenvolven na actualidade.
- 4.- Coñecemento da realidade do posto de traballo de animador/a sociocultural e as súas responsabilidades
- 5.- Coñecemento dos aspectos culturais, económicos, sociais e laborais do Concello de Boiro.

2.-Exposición do Proxecto: Os aspirantes que obtivesen o mínimo de dez puntos na valoración do Proxecto de Traballo serán convocados para a súa posterior exposición. Contarán cun tempo de dez minutos e o tribunal poderá facerlle preguntas relativas ó posto e ó proxecto entregado. A exposición valorarase cun máximo de 10 puntos, sendo necesarios cinco puntos para pasar esta proba.

5º.- BAREMOS DE VALORACIÓN.

Unha vez realizada a fase de oposición, valoraranse os méritos aportados ós candidatos que aprobada a fase de oposición.

1).- **Titulación.** Máximo 2 puntos. Valoraranse as seguintes titulacións:

- Técnico Superior en Animación Sociocultural: 1 punto



Teléfonos:
981 844 800
981 849 980
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

- Grao en Educación Social ou equivalente: 2 puntos

2).- **Experiencia profesional.**- Máximo 1 punto.

Valoraranse traballos prestados nas diferentes administracións públicas e/ou empresas privadas como animador/a sociocultural a razón de 0,05 puntos/mes

A puntuación outorgarase por meses efectivos de trabalho a xornada completa. As contratacóns a tempo parcial prorrótearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30.

Esta experiencia laboral acreditarase mediante contrato de trabajo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

3).- **Formación complementaria.** Máximo 1 punto.

Valoraranse cursos que estean relacionados coas funcións a desenvolver da maneira que segue:

a) *Por cada curso impartido polas administracións públicas, universidades ou o SPE relacionado coas funcións que se van a desempeñar:*

- De 20 a 59 horas: 0,1 punto/curso
- De 60 a 99 horas: 0,2 puntos/curso
- De 100 a 149 horas: 0,5 punto/curso
- De 150 ou mais: 0,75 puntos/curso

Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas

b) *Non se valorará ningún curso que non sexa impartido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías) Administración do Estado (Ministerios) Universidades Públicas e Servizo Público de Emprego, ou que non estean debidamente homologados polos mesmos organismos.*

c) *Non se valorará ningún curso en que a materia estea comprendida dentro do temario doutro curso de máis horas presentado polo mesmo solicitante.*

6º.- INCOMPATIBILIDADES.

O/a seleccionado quedará suxeito/a ó réxime de incompatibilidades do sector público conforme á normativa vixente.

7º.- RECURSOS.

As presentes bases poderá ser recorridas polos/as interesados/as ante o xulgado no prazo de DOUS MESES, dende o día do anuncio de convocatoria na prensa.

O que manda e asina o Sr. Alcalde, en Boiro a cinco de maio de dous mil dezaseis.

O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez

